

7

Relatos curtos contra a violencia de género





7 Relatos curtos **contra** a violencia de género

1

2

3

4

5

6

7

7 Relatos curtos **contra** a violencia de xénero

© Universidade de Santiago de Compostela, 2020

Deseño e maquetación

Mabel Aquilino

Promove

Oficina de Igualdade de Xénero da USC

Edición técnica

Servizo de Publicacións

usc.gal/publicacions

Edición dixital en acceso aberto




Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

DOI: <https://dx.doi.org/10.15304/op.2020.1356>

III CONCURSO DE RELATOS CURTOS CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

2020



Presentación

Mar Lorenzo Moledo
Vicerreitora de Igualdade,
Cultura e Servizos

Eva Aguayo Lorenzo
Coordinadora
da Oficina de Igualdade de Xénero

As universidades, como xeradoras e transmisoras de coñecemento e valores, temos un importante potencial transformador no desenvolvemento de actividades de formación, investigación e sensibilización fronte ás distintas formas de violencia contra as mulleres.

Entre as actividades de sensibilización implementadas na nosa Universidade, destacamos a convocatoria do III Concurso de Relatos Curtos contra a Violencia de Xénero, dirixido ao noso alumnado. Esta publicación dos relatos finalistas da terceira edición está financiada con fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero no marco do convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, e a Universidade de Santiago de Compostela.

Queremos agradecer a valiosa colaboración de Montserrat Pena Presas e Manuel Núñez Singala como membros do xurado que seleccionou, entre os 53 relatos presentados, os sete que compoñen este libro.

Grazas ao estudantando participante por facernos máis fortes para avanzar nesta loita contra a violencia de xénero.

Índice

- páx.
- 08... 1º Premio Calquera. *Laura Rubio Lareu*. Estudante do Programa de Doutoramento en Ciencia e Tecnoloxía Química
- 16... Accésit Leoa. *Andrea Durán Liñares*. Estudante de Grao en Veterinaria
- 24... Accésit Soga. *Adrián Feijoo Sánchez*. Estudante de Programa de Doutoramento en Historia Contemporánea
- 32... Finalista Unha pegada indeleble. *Lydia Burgaña Caballero*. Estudante de Grao en Mestre/a de Educación Infantil
- 38... Finalista Bébote á miña maneira. *Vanesa Eimil Díaz*. Estudante de Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas
- 46... Finalista Víase vir. *Lucía Mansilla Ojeros*. Estudante de Grao en Psicoloxía
- 54... Finalista A soidade no abuso. *Sara Rodríguez Fraga*. Estudante de Grao en Lingua e Literatura Inglesas

1



1º Premio

Calquera

Calquera

Laura Rubio Lareu

Estudiante do Programa de Doutoramento
en Ciencia e Tecnoloxía Química

“Metín o spray de pementa no bolso? Si.

Teño o móbil na man? Si. Lembro as leccións daquel curso de defensa persoal? Si. Acabo de mirar a ambos os lados na rúa ao saír da casa? Si.”

É que ultimamente para Calquera isto xa é todo un ritual. Calquera é unha rapaza do século XXI, coma túa nai, túa irmá, túa curmá, coma a túa amiga, unha compañeira, unha coñecida, coma ti ou coma min. Calquera non quere voltar soa á casa polas noites. A intranquilidade no seu corpo, o medo nos seus ollos. Calquera envíalles un WhatsApp ás súas amigas cando chega, sempre. Dorme coa luz acendida.

Calquera aínda lembra o seu pasado adolescente de dor, o son de cada insulto zumbando nas súas orellas e as mazaduras permanentes tras as labazadas. Os golpes eran tan fortes que semellaba que batían na porta por fóra. Coas sete vidas xa case esgotadas.

O control e as prohibicións, a falta de liberdade, a asfixia. Arroupada en frialdade. Cando a tendencia a normalizar non era o normal. Resoaban os berros e as ameazas. Eco. Calquera non era quen xa de berrar, da súa boca só escapaba o silencio, a súa voz calada. Angustiada, non alcanza a recordar o pasado anterior a este. Roubáronlle os días e as noites. Cando aqueles ollos a miraban... que non volvería, que non o agardase. Achegarse e que todo volva comezar. Mais fica abandonada, botar de menos os aloumiños e todo o que vai con eles. Sentirse ridícula ao cavilar nos temores que a acovardaban, consumida polo medo a perder, a que a porta se peche, ao rexeitamento. Sen rastro ningún de respecto. A escuridade que reinaba era total. Cómplice de non sei cantas historias como a súa, algunhas escritas e moitas outras por escribir. Invasión por sensacións de malestar, pánico, pesadelos que tornan reais. Seguida sempre por unha sombra, unha continua sombra. Cando os feitos caducan, pero non o fai a memoria. Calquera é unha loitadora en de-

mostrar a realidade, aquela e a súa realidade. Lembra que a violencia comezara cun feito insignificante. E que aquilo fora a máis. O patrón repetíase unha e outra vez. E outra máis. Mestura de continuas e falsas promesas con cálidas e doces mentiras, redondeando verdades que perden toda clase de sentido. Chegou a acostumarse ao día a día, ás rutinas. Tras cada límite, perigo latente. Cansa de ir detrás. Inseguridade. Chora ao acordarse das esaxeradas verbas da nai, esas que agora xa non son tan esaxeradas. E é que as nais sempre teñen razón. Hábito de disimular e finxir. Sorrisos forzados, e o que non son os sorrisos. Calquera soporta as patadas, remendando as feridas marcadas. Ataques verbais, palabras que non din nada, contrariedades. Bágoas amargas. Manipulacións. Anulada como persoa, con poderosas ataduras emocionais. Sobrevivindo ás apalpadas e buscando xustificacións posibles ata atopalas. Defender o indefendible, a pesar dos pesares. Non parou o reloxo dos intentos con mil defectos a corrixir. Cando as cousas parecen cambiar e non o fan. Todo

permanece igual pero nada é coma antes. Inconsciente. Sentir un inmenso baleiro moi baleiro. Desequilibrio. Un minuto máis pasa, canda el, sesenta segundos máis. Unha hora que se converteu nun día. E os días son meses e os meses, anos. Sacar un cero en personalidade, tendencia negativa en autoestima. Lazadas invencibles, milleiros de nós, dependencia. Sensación de culpabilidade. Algo ao que aferrarse, necesidade. Aceptación e confusión. O dar sen recibir, sen topar onde está o erro. Ollada perdida e, á súa vez, Calquera perdida nun labirinto sen saída, nun precipicio de alta caída. Cando xa non sabe percorrer o camiño malia estar marcado. Caer de novo, debilidade, fragilidade. Barreiras e pechaduras, unha chea de imposicións. Impotencia. Sen vida, sen amigas, lonxe da súa familia. Soa.

Punto de inflexión número dez mil oitenta e dous. Conta atrás. E abrir os ollos, decatarse. Traballo de asimilar, sacudida duramente pola realidade.

Cando era nena xa o tivo que encarar. Oír o silencio, enmudeceu agora o barullo. Recoñecerse como tal. Aprender a escoitarse, aprender que querer é renunciar a posuír. Desexo dun ollar esperanzador, procurando o seu benestar, pero co medo aínda dentro. Sen saber como afrontar e seguir. Vencer.

—

Calquera é tan só unha vítima, pero calquera de nós podería ser Calquera.

2



Accésit

Leoa

Leoa

Andrea Durán Liñares

Estudiante de Grao en Veterinaria

Respira. Abres os ollos e miras ao teu redor. Xa non está. *Respira.* Pechas os ollos outra vez, encóntrala dentro de ti, nalgún lugar desa tormenta que se desatou. *Respira.* Formiguéanche os pés, sabes o que significa. Abres os ollos e buscas ao teu carón algo que te calme, pero só encontras máis odio. Máis ira. Máis inxustiza. Máis rabia. Revólveseche o ventre, e tes ganas de vomitar. Póñenseche os pelos de punta. *Respira,* tes que calmar esa sensación. O sabor acedo da túa gorxa obrígate a pechar de novo os ollos. Apertas os puños e suxeitas a túa roupa con forza, notando a calor que desprendes. *Respira.* Escoitas as súas voces.

Non montes unha escena Non te comportes así Non levantes a voz

Non vistas así

Non podes dicir iso

Non estás ben da cabeza Non o entendes

Non sabes nada

Nos deberías pensar iso

Non deberías ser tan contestona Así non te vai querer ninguén

Es unha repunante Estás tola

Respira.

Escoitas a súa voz, no seu ton.

Muller!

O corazón latexa desbocado outra vez e búscalo. Non está, só está na túa mente. Por agora.

Pensas rapidamente as consecuencias do que queres facer, do que está a punto de pasar. Cando ocorra, non vas volver poder refuxiarte no anonimato. Non volverás ser unha máis. Non te tratarán igual. Nada volverá ser o mesmo. Nada será fácil, nin serás a mesma. Falarán de ti. Dirán o teu nome doutra forma, coma con mágoa.

Respira.

E esta vez o aire non vai saír da mesma forma. Sabes que esta vez sairá ardendo da túa boca. Esa bocalada vaise impregnar do veneno que agora mesmo corre polas túas veas.

Ata aquí. Acabouse. Respiras.

Abres por última vez os ollos, mantendo o alento. Cravas a vista fronte a ti e érgueste do chan.

Estás preparada? Non o sabes. Pero non che importa, porque xa non hai volta atrás. Xa comezou dentro de ti, e non hai forma de paralo, por moito que che digan que mordas a lingua. Eses pensamentos, esa pezoña non se vai volver separar de ti.

E exhalas.

Dunha sola vez, nun grito silencioso. O grito de moitas outras, o grito das que xa non están. O grito das mortas en vida. O grito das oprimidas, o grito das enmudecidas por outros coma el. E a túa voz fúndese coa de todas, e agora o mundo escoita.

Xa non vas ser nunca máis esa <<¡Muller!>>, non con ese ton. Non vas permitir que ninguén máis che pise nin che poña os límites, nin el, nin o medo. Xa non vas servir de forma automática a cea daquel que facía media hora che cravaba as unllas no brazo. Xa non vas apartar a cara cando o escoites falar doutras mulleres coma se fosen trofeos, facendo que non oes. Xa non vas explicar onde estiveches esa tarde. E xa non lle vas render contas a ninguén máis, nin a teu avó, nin a teu pai, nin a el. Porque todo na túa vida che levou a ese momento, dende as bonecas bonitas ata o xugo no dedo imposto por aquel que te quere só súa. Nin sequera túa. Súa.

E dáste conta de que non, non é respecto se a única que cala es ti. Que non é cariño antepor os seus desexos aos teus.

A bile do ventre sube ata a gorxa, e únese á túa voz. É a rabia. A rabia que só pode provocar a impotencia. E escoitas á xente murmurando, entre atemorizada e con mágoa:

É unha muller maltratada.

-Si- contestas, por vez primeira Pero agora tamén son libre.

3



Accésit

Soga

Soga

Adrián Feijoo Sánchez

Estudiante de Programa de Doutoramento
en Historia Contemporánea

Ela baixaba as escaleiras con coidado, procurando non emitir ruído ningún. Daba cada paso co temor dun renxido, dun son involuntario ó apoiar o seu peso na madeira, dun golpe seco do bolso na varanda por des-piste. Loitando coa ansiedade, tentaba controlar a súa respiración para que non fose máis ca un murmurio. O pulso ameazaba co paso á taquicardia.

Cada pouco, adoptaba unha pose inmóbil, e agudizaba o oído: só lle chegaba dende o salón o tic tac continuo do reloxo, e de cando en cando un aceno de tose, unhas páxinas pasándose. El estaba alí, seguramente lendo o periódico, coma sempre a esa hora. Ela suplicou en silencio para que continuase concentrado na súa lectura, que non levantase a vista dos titulares e a percibise.

Mirou cara á porta. O mundo exterior estaba adous chanzos e un recibidor de distancia. Fóra esperábana o exterior, a liberdade, a posibilidade de mercar unha pasaxe de tren. Cara a onde? Non sabía. Lonxe, lonxe de alí. Lonxe del.

A punta dun pé tocou o penúltimo chanzo. A punta do outro posouse no último. Tres pasos, dous expoñéndo-a, o último para agarrar o pomo. Meditou un instante se sería mellor facelo rápido, sen dar tempo para reaccións, ou lento e reducir os riscos, confiando no silencio. Optou pola segunda opción.

Un paso.

Non houbo reacción. Dous pasos.

Levantou a man.

-Onde vas?

A voz Del, calmada pero firme, paralizouna. Non soaba coma unha pregunta, nin se adiviñaba o menor aceno de curiosidade. Ela notaba a ansiedade brotando do seu peito, florecendo e expandíndose, provocando tremores nas súas mans e palpitacións nas tempas.

-Ven.

Con dificultade, Ela obedeceu. Sentíase mareada. O salón descompoñíase, os mobles cambiaban de sitio, pero El seguía no sofá, o seu sofá, co rostro escondido entre as páxinas do diario.

-Ías a algún lado?

A suor fría recorríalle o pescozo, a caluga, as costas.

-Si.

-Onde?

Parecía que as paredes comprimíanse, que o aire faltaba.

-Ía ver a miña irmá. Está enferma. Chamoume pola mañá.

El seguía sen perder a vista do periódico, coma se falase e lese ó mesmo tempo. Pasou unha páxina.

-Por que non sentas? Pareces cansa.

(Non.)

-Estou ben, grazas. Teño que irme.

-Non, mellor senta.

(Non, non, non, non, non.)

-Pero... miña irmá...

-Senta.

Ela estremeceuse. Obedeceu.

O reloxo encadeou segundos, minutos, horas, no seu continuo tictac. Do exterior xa se colaban as luces alaranxadas do atardecer, e o cuarto sumíase cada vez máis na penumbra. Pero El seguía alí, lendo ou facendo que lía, tusindo cada pouco, tranquilo, seguro, firme. Ela descompoñíase na impotencia e nas cábalas, notando cada latexo bombeando a inseguridade polo seu corpo.

Fóra, na rúa, escoitábanse as risas dun grupo de nenos. Os aspersores espertaron coa súa sucesión de refachos. Un coche cruzou o barrio con rapidez.

Deron as oito. O home dobrou o diario, e levantouse. Era unha persoa alta e corpulenta, sobre todo comparada con Ela, de constitución moito máis fraca. No seu rostro imberbe xurdiu un sorriso afable, case sarcástico:

-Non vas onda túa irmá?

De cando en cando, permitíase *chancear*.

-Non. Xa é tarde. Quizais outro día.

-Si. -dixo El, saíndo cara ó recibidor- Outro día.

Marchou da casa. O son da porta pechándose case disimulou un berro rabioso e impotente. Case.

4



Finalista

Unha pegada indeleble

Unha pegada indeleble

Lydia Burgaña Caballero

Estudiante de Grao

en Mestre/a de Educación Infantil

- Ola bonita! Que tal estás?

A verdade é que é un home marabilloso. Faime rir, sinto que me escoita cando falo e compartimos os mesmos plans de futuro. Levamos pouco tempo coñecéndonos, mais xa sinto que quero compartir con el o resto da miña vida.

- Ola, quen era ese co que falabas?

Sinte que ten que protexerme, o que penso que é un bo sinal. El di que non se fía dos homes que se me achegan, que non queren ser os meus amigos. Supoño que ten razón, tiven sorte atopando un home coma el que apreciase o que son.

- Ola, que fas que non me contestas?

Hoxe recibín máis de 200 mensaxes súas mentres estaba no traballo. Chegoume a dicir que non o quería porque non lle facía caso e estiveron a punto de irme do traballo porque tampouco quería que pensase que non me importa. O primeiro na miña vida ten que ser el.

- Ola... non pretenderás ir así vestida

Tiven que tirar do meu armario todas as camisetas de manga curta ou con escote e as saias que non me chegasen ós xeonllos. El di que vestindo así só consigo que me miren os demais homes e que el ten medo de perderme. Creo que me quere moito, só teño que ver canto se preocupa por min.

- PUM

O meu corpo está cheo de negróns. Estes días non puiden estar tan pendente como debía e iso provocou que se puxera nervioso. Na miña cabeza non paran de retumar os distintos golpes que me propinou estes días. Imaxino que o merezo.

- Sen min non es ninguén

As palabras bonitas convertéronse en insultos e as caricias en golpes. Téñolle medo. Non me deixa saír da casa e non podo falar coa miña familia, pois di que

me comen a cabeza, que nos queren separar. Eu quero fuxir, pero sinto que non hai saída.

- Vou a acabar contigo

El non se dá de conta que xa o fixo. Que deixou en min unha pegada indeleble. Pola súa culpa xa non confío en ninguén, mais tampouco confío en min. Non sei que fará comigo, eu só quero desaparecer.

- Adeus

Esta vez son eu quen o di. Saco as poucas forzas que me quedan para pedir axuda. Era xa unha cuestión de vida ou morte e eu aínda teño moito que vivir.

5



Finalista

Bébote á miña maneira

Bébote á miña maneira

Vanesa Eimil Díaz

Estudante de Máster Universitario

en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato,
Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas

Houbo un tempo no que te bebín para vivir, para esquecer xeadas con carambelos nos ollos e tormentas con raios na espiña dorsal, para matar as ansias dunha vida digna. Calquera cambio era mellor. Bebinte coma auga. E agora vén o pero (porque podemos empregarlo): neste momento da miña vida e parando un chisco a pensar, hai días nos que non teño tempo, non me acordo sequera de beber ou podo vivir sen facelo, e non cumpo co que din as médicas, os médicos e a xente en xeral de que como mínimo dous litros de ti ao día. Xa sei que é san e me fai ben. Todo iso xa o sei, non vaias dicir que son cabezona. Supoño que hai etapas. Hóboas nas que estaba tan seca, que bebía seguido. Hóboas nas que estaba tan chea, que revertía. E agora esta. Agora estou ben, comigo, con quen son, con quen teño ao lado. Quizais por iso esquezo cousas involuntariamente. Mais, por moito que estea na etapa de non precisar tanta auga doce, sigo vivindo e desexando. Non

sei se dirás que son máis fría, que era máis divertido cando pedía que me salpicases. Pídoche perdón, seguro que tes a razón. Pero hoxe é así. Mañá igual seco de novo, con tanto cambio climático... O que si sei é que nunca vou deixar de beber; non quero quebrantarme en anacos, entendes? Só que ás veces preciso abrir a fiestra e bicar o vento.

Temo (si, o temor naceu comigo) que digas que son unha pesada, que lle dou moitas voltas ás cousas, que me repito, que entendiches á primeira, que estou dos nervios, que semella que quero discutir, que estou tola, que, que, que. Pero (si, xa dixen varios peros, pero podo) teño dende hai tempo esta necesidade esgotadora de explicarme para que permaneza sobre papel branco que podes confiar en min. Necesito demostrar a quen me axudou e sobre todo a min mesma que xa non son aquela que sufría aquilo que non me atrevo a nomear con aqueles que non me atrevo a recordar e non che

contaba nada porque o vía coma algo normal. Normal, si. E porque o bo era moi bo, aínda que o malo matase.

Ai, se só marcasen os selos... Din que somos o que fomos. Sempre prefiro crer que son a de hoxe e non a de cando me coñeches, pero mira como falo e sinto... Quedei condicionada. Non parece lóxico culparme, mais odio o meu *eu* de antes por non ver nin querer ver, por ser unha suicida que deixou que alguén lle accidentase a vida. Agora síntome vivir nunha loita continua por que ese *eu* non renaza e ante cada actitude escura salto ata o punto de quedarme sen glóbulos vermellos. Ás veces incluso temo (outra vez) pecar de hipócrita porque penso: cantas veces que eu non sei tería tamén unha actitude machista e cantísimas outras que si sei sería tremendamente egoísta? Mais nunca a ese nivel. Nunca, nunca. E sempre recoñecendo erros e mudando a pel. Por momentos sinto coma se a sociedade me caese encima pouco a pouco, coma se me fose comprimindo, e

sinto a angustia e o abafado que debe sentir alguén cando cae nun pozo sen auga e se empeza a taponar de terra.

Ti, que me traspasas coa mirada para acariñarme o corazón cando se desangra, podes verme as marcas por dentro, non só as da manipulación psicolóxica fraguada, as do maltrato desapiadado da alma, tamén as dos quérote naufragados por seren pronunciados a quen te crava e as dos quérote espiñosos por seren recibidos de quen nunca quixo.

Ás veces penso que o puiden evitar, sobre todo cando todas e todos presupoñen e declaran que unha rapaza intelixente coma min nunca caería en algo así. Utilizan o verbo caer, coma se o proceso fose tan simple e rápido. Outras dáme por crer que foi necesario para ser quen son, para sentirme por fin orgullosa de min mesma, pero incluso pensar que algo así é necesario para vivir, resulta cruel. A roda da crueldade e da inxus-

tiza parece non parar. Supoño que así son as marcas, coma cando a avoa di, dende aquela vez que caeu esca-leiras abaixo, que vai cambiar o tempo porque lle doe a perna. O selo queda para sempre. O bo é que agora ela sempre terá coidado ao baixalas e que tamén quedan mestres raros coma ti, que me amas porque bebo cando e como quero.

6



Finalista

Víase vir

Víase vir

Lucía Mansilla Ojeros

Estudiante de Grao en Psicoloxía

Isto pásache por puta!

Era outra, como outra calquera, cun par de orellas, dous ollos, dúas pernas, medo no cu, porque quen ten cu ten medo, coma todos. Así naceu ela, a nena, coma calquera, chorando e a nai berrando, e santificando refráns o pai porque quería un neno, e que vaia mala sorte, que o leve o demo. Levovos unha vida normal, camiñou ao seu tempo, e cando caía choraba, así que a nai dicíalle “miña pobre” e o pai dicíalle “miña nena”. Cando foi durmir soa, alí lle pintaron o cuarto de rosa que é unha cor moi bonita para unha nena máis bonita aínda. A ela gustáballe o rosa, pero non sabía moi ben se de verdade ou porque non lle quedaba máis remedio. Tempo despois xa foi á escola, e claro, preguntábanlle se tiña algún mozo, e ela que non sabía que era iso, pensaba que eran amigos, dixo que tiña tres! O pai miroulle a cara, e coas mans enormes cubriu as súas mentres lle contaba que as rapazas de ben teñen un só, que non vaia con calquera. Iso en principio, porque cos 15 anos xa o conto se alongaba cun “non

vaias soa por aí e menos cun rapaz! que todos son uns lambóns, piden un biquiño pero queren outra cousa, e as nenas de ben non fan esas porcalladas". E un día coñeceu o lambón, que seica se metía un pouco con ela. Na casa contaba que un rapaz a molestaba, e os pais todos agarimosos ríanlle dicindo que "se se mete contigo e porque lle gustas". Ela non o vía así, pero a saber, podía ser, e de feito foi! Resultou ser un rapaz como outro calquera, cando naceu choraba el, berraba a nai e o pai daba saltos polo hospital porque era un neno! A virxe escoitou as súplicas todas, e todos a berran de contentos. Cando caía a nai dicía "meu neno" e o pai "que veña, arriba, que son cousas que pasan". Despois chegou o tempo de durmir só, e o cuarto era azul e branco, con alfombra verde. Decoraba moitos xoguetes de guerreiros moi fortes, porque os homes teñen que ser fortes e escalar montañas. E cando foi á escola, preguntáronlle que cantas mozas tiña, e como a el xa lle explicaran de que ía o conto, dixo que tiña tres! E que ningunha tiña outro mozo que non fose el.

Xa podiades ver o pai toleando polo rapaciño, dicindo que ese era o seu fillo, e a nai a rir, porque descubrira que tiña un galán na casa. Pero o galán tamén pasaba medo, porque uns cantos na escola andábanlle a zoupar. Xa ves o pai como vira negro e lle espeta “Que é iso do medo? Iso non é nada, un home non anda achicado pola vida, deféndete!” E para que non se notase que tremía, berraba e petaba neles coma un cosaco. Así aprendeu que un home fai ou desfai, pero non se anda a queixar nin choromicar. Un día, despois dunha “pachanga”, viu unha rapaza que lle encheu o ollo, e como a quería ligar alá se foi meter con ela, e non parou de insistir, que quen a segue conséguea, e así foi! Moito se quixeron estes dous, pero tamén co tempo moito berraban, día si e día tamén. Non se daban entendido. El, cando vía que outro rufián se lle achegaba alá lle ía plantar un bico para que o fulano soubese que estaba collida. Moito menos se fiaba dos “amigos” eses, que un home quere o que quere, por iso lle miraba o móbil a ver que lle dicían. E nas festas, iso si que era falta de

entendemento, porque el non lle collía na cabeza que quixera ir soa coas amigas. A ver, para que? para buscar homes seguro, que as outras están solteiras e tanto lles dá, pero ela ten mozo! E de beber nada! Que dis! O mal que queda unha muller bébeda, que o faga un home aínda bo é. Había que velo cando levaba 8 cacharros enriba e lle chamaba porca por subir a unha tarima da discoteca, porque iso fano as lixeiras, para que os homes anden a babear. Así pasaba as noites a rapaza, discutindo seguido e as amigas mirando e preguntándose por que aturaba todas esas cousas. Ben llo dicía seu pai, quen ben te quere faite chorar, pero a ela todo iso empezoulle a cheirar. Dixo basta! Deixouno fóra do bar, e se tiña que ser porca pois a moita honra, e marchou a chorar rúa abaixo. De súpeto viu un amigo. Alá lle preguntou que pasaba, e ela como podía contoulle entre as bágoas anacos de historias. De repente viu no pasar, abalanzouse sobre ela mentres picadas sen xeito lle inundaban o corpo. Caeu. Pecháronselle os ollos escoitando de fondo “Isto pásache por puta!”.

Quedou desfeito o rapaz, cousa fóra do normal, e marchou alporizado a petar nas paredes, porque os homes fan ou desfán, pero non choran. Viuna. Con outro. E todo estaba máis claro. A moi puta mentiuille fixo. Recoñeceu o rapaz, un dos amigos eses. Que ben a estaba abrazando, o cabrón. Ríronse del os dous. Foi de pailaroco pola vida. Ela era coma esas que van con calquera. Pero ía ver, ía. Golpe na cabeza ao fulano cunha botella e a botarlle a man a navalla do peto, e veña unha e outra vez a furar e a furar no corpo dela. Por puta.

Dixeron do rapaz, que era un animal, e animais e tolos hainos en todos os lados. Que o final sempre hai unha mazá podre no cesto, porque pensar que o cesto podrece a mazá non ten moito xeito. Así unhas mil carralladas máis.

—

Pero que queredes que vos diga. Eu no fondo, xa o vía vir.

7



Finalista

A solidade no abuso

A soidade no abuso

Sara Rodríguez Fraga

Estudiante de Grao en Lingua e Literatura Inglesas

A peor das soidades é aquela que se dá en compañía. Ademais con este ánimo tan baixo como o teño, tampouco é que faga moito por quedar cos amigos, pois sei de sobra que notarían a miña negatividade. E se me tiran do fío váiseme a lingua fixísimo, cuspiría toda esta bóla de amargura que me sufoca e soltaría cousiñas que non quero que saiban. Desafogarse con persoas que me queren e escoitan de verdade é marabilloso, non todo o mundo ten esta sorte, pero para que? Diranme o que cren que quero escoitar, claro que me dirán! E estarán do meu lado en todo o que conte, diranme que non o merezo, que patatín e que patatán, claro, e despois? Pois que seguiría cos mesmiños problemas e cunha fea sensación de que debo seguir fielmente os seus consellos. Uns consellos xeniais, dados con moito tino, ofrecidos con todo o cariño e bo entendemento que só poden ter os amigos de primeira división. Sería actuar en base ó que me din os demais pero polo meu propio ben; onde está entón o meu criterio? Eu non son unha “pobriña”, non son unha vítima, que é o que me

fan sentir. Que sexan empáticos é imprescindible para poder entenderme, agora ben, que teñan bágoa por min non, e moito menos ter que cumprir co que eles esperan de min. Se estou neste punto da miña vida foi porque tomei certas decisións e polo tanto, son responsable desta situación, repito: son responsable, que non vítima. Podo afrontalo e intentar arranxar a situación e, quen me diga que non, estará cuestionando a miña intelixencia. Por riba disto, hai unha cuestión que ás veces se pasa por alto: as relacións humanas son valiosas, non se poden tirar ao lixo coma se nada, hai que esforzarse por elas. As miñas amizades conciben as relacións de parella en termos de ou todo é branco ou negro, e por algún conflito que teña coa miña parella xa consideran que a miña relación está podre. Só ven o que queren: o malo; pasando por alto que a miña relación de parella ten moitos máis momentos bos que malos.

Unha vez escapóuseme o dunha boa liorta que tivemos porque me preguntaron pola fendedura que tiña a porta. Conteino con naturalidade e ata con humor para

quitarlle ferro ao asunto, xa que ben sei como son. O certo é que foi unha parvada, unha situación que se nos foi das mans e que o peor que ocorreu foi iso: o puñazo que lle meteu á porta. Tampouco penso que estea ben que reaccione dese xeito, pero tamén estamos aprendendo desta relación, somos novos e entre tensións económicas e o medo, pois non se puido conter. É moi ansioso e cústalle controlar os nervios. Aínda explicándolle o contexto, que nada, non o queren ver. Deben pensar que ter unha relación de parella é chegar e encher, que todo é perfecto dende o primeiro momento. Non digo que estea mal a súa forma de entender o que é unha relación de parella, pero a súa opinión non é un axioma universal, as relacións de parella son un concepto subxectivo. É dicir, os límites do permisible acórdanse entre os membros que forman a relación e se estes límites non se respectan, haberá que, canto menos falalo.

Durmo a carón dunha persoa que coñezo. Esa persoa é imperfecta, estou ó tanto de que non tivo unha vida fácil, podo entender os efectos que tivo o seu pa-

sado na súa personalidade. Dende o principio percibín indicios da súa faceta agresiva e controladora. Confíei en que ó ir gañando confianza, esa faceta minguaría ata desaparecer. Abofé que non o fixo. Estou desgastada por tanta discusión, por tanta tensión... pero son incapaz de tirar co noso. Con el xa case é imposible falar sobre como están as cousas, se lle propoño darnos un tempo entenderao como unha ameaza ou peor, como unha traizón. Non é produtivo falar con alguén que se pon coma un tolo, é imposible ter entendemento algún. Certamente estou angustiada, busco solucionar unha relación da que me custa manter a esperanza de ver melloría.

Por outra banda teño a miña familia. Por suposto, non saben nin unha palabra da situación pois automaticamente odiarían e sen volta atrás, serían aínda máis radicais que os meus amigos. Necesito consello, desaforo, non presión. Dáme vergoña recoñecer que lle teño algo de medo, que a semana pasada día me cuspiu na cara. Eu nunca elevo a voz, nin o provooco

e menos busco ofendelo. Porén, naquel momento non lle importou humillarme dese xeito. Ás veces síntome como a súa nai, como unha nai que lle dá todo ao seu cativo malcriado. É a miña natureza, non estou a desgusto por como son, agora ben, si estou decepcionada comigo mesma por permitirlle reiteradamente superar límites que para min sempre foron intocables (ó parecer tamén o eran para el). E nestas me acho, coa dignidade esmagada por alguén que me quere profundamente, mais non me quere ben.



7 Relatos curtos **contra** a violencia de género

1

2

3

4

5

6

7

7 Relatos curtos **contra** a violencia de xénero



galicia



Xacobeo 2021



XUNTA
DE GALICIA